

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 16 de setembro de 2019 pola que se modifican os prazos para a anualidade 2019 establecidos no artigo 4 e no artigo 25 da Resolución do 29 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (Programa Talento Sénior), e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

O 11 de xuño de 2019 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 29 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (Programa Talento Sénior), e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

O artigo 4.1 desta resolución establecía os seguintes prazos de xustificación:

Serán subvencionables ao abeiro desta convocatoria as contratacións de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia, que se formalicen desde o día 1 de xaneiro de 2019 ata o 1 de outubro de 2019, ambas inclusive.

O artigo 25.1.A desta resolución establecía os seguintes prazos de xustificación:

Primeira anualidade: o 50 % do importe concedido no prazo de 10 días hábiles contados a partir da data do contrato subscrito e, en todo caso, antes do 1 de decembro de 2019.

Tendo en conta a demora na resolución das devanditas axudas, motivado pola complexidade do proceso de avaliación destas, e co fin de viabilizar os procesos de execución e xustificación das axudas concedidas para o ano 2019 por parte dos beneficiarios resultantes e dado que non causa prexuízo a terceiros, considérase necesario ampliar o prazo de xustificación para o ano 2019 establecido nos artigos 4.1 e 25.1.A da convocatoria.

CVE-DOG: 5mswauj9-ycx4-by76-pkf2-ztqfkoaoqcf1



En consecuencia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación, e coa habilitación outorgada pola disposición derradeira primeira da resolución da convocatoria

RESOLVO:

Artigo único. Modificación do artigos 4.1 e 25.1.A da Resolución do 29 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (Programa Talento Sénior), e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

O artigo 4.1 da citada resolución queda redactado do seguinte xeito:

Serán subvencionables ao abeiro desta convocatoria as contratacións de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia, que se formalicen desde o día 1 de xaneiro de 2019 ata o 1 de decembro de 2019, ambas inclusive.

O artigo 25.1.A da citada resolución queda redactado do seguinte xeito:

Primeira anualidade: o 50 % do importe concedido no prazo de 10 días hábiles contados a partir da data do contrato subscrito e, en todo caso, antes do 10 de decembro de 2019.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: 5mswauj9-ycx4-by76-pkf2-ztqfkoaoqcf1

